

Linguaxe visual

Podes debuxar algo
para as palabras,
para as cousas que digo?

Daquela, debuxa
un buraco no día
o frío,
o vento,
un nó na gorxa
ou a mala sorte,

debuxa unha tose,
un suspiro,
o aroma a pan fresco,
o tempo,
o instante,
o principio ou a fin
dun plan,

debuxa ese lugar onde algún día,
ese lugar onde nunca,
ese lugar onde despois
ocorrerá algo,
debuxa a dor dun empurrón,
o sabor do mar.

Gustárame ver tantas
cousas,
o amor, por exemplo,
máis tarde,
algún día e quizais.

Fai debuxos
para o meu poema,
pero con liberdade:
estas palabras
que saíron da miña boca
son para ti.

Rian Visser
Tradución:
Mercedes Pacheco

iBbY INTERNATIONAL

2 abril 2025

CHILDREN'S

BOOK

DAY

DÍA INTERNACIONAL DO LIBRO INFANTIL

Estas palabras que saíron
da miña boca son para ti.

Son tuyas estas palabras
que han salido de mi boca.

Aquestes paraules són teves
encara que surtin de mi.

Hitz hauek zureak dira nigandik
sortu diren arren.

Deze woorden zijn van jou,
ook al kwamen ze uit mij.

Même s'ils viennent de moi,
tous ces mots sont à toi.

These words belong to you,
even though they came from me.

هذه كلماتك،
وإن صدرت مني.

Verso
Rian Visser

Ilustración
Janneke Ipenburg



Rian Visser (1966) é unha poeta e escritora de libros infantís holandesa. Escribe libros divertidos e emocionantes que se adaptan perfectamente aos intereses da rapazada. Xunto á ilustradora Janneke Ipenburg creou as coleccións de poesía *Alle wensen van de wereld* (2021) e *Het is een zachte dag vandaag* (2024). En 2022 gañou un Zilveren Griffel e a Gouden Poëziemedaille (Medalla de Ouro de Poesía).

Rian Visser é unha persoa moi activa no ámbito educativo. Deseña clases dixitais sobre escritura creativa e fomento da lectura que os profesores poden utilizar de forma gratuíta. Desde 2024 ata 2026 foi nomeada oficialmente Poeta Infantil dos Países Baixos.

www.rianvisser.nl



Janneke Ipenburg (1979) é unha ilustradora holandesa de libros infantís. Ilustrou dúas coleccións de poesía con Rian Visser, entre elas *Het is een zachte dag vandaag* (2024). Como autora e ilustradora creou o libro *Voor altijd bij jou* (2023), unha historia sobre como estar conectado a pesar dunha distancia inconmensurable.

Ademais do seu traballo como ilustradora infantil, Janneke traballou en varias películas de animación e actualmente traballa como deseñadora de personaxes nunha gran película de animación *stop-motion* chinesa. En 2023 estivo na listaxe de finalistas dos World Illustration Awards.

www.jannekeipenburg.com